

X RUTA PINCHO FOLK

OUTUBRO DE 2026

O Concello de Salceda de Caselas convoca a IX edición do #PinchoFolk, segundo as seguintes BASES:

Participantes

Poderán participar todos os establecementos hostaleiros do Concello de Salceda de Caselas. A participación supón o pago dunha cota de inscrición de 20 euros que se destinarán ao pago dun grupo musical que amenizará unha fin de semana a ruta. O diñeiro será recadado por un dos hostaleiros, que se encargará de facer o pago ao grupo.

A distribuidora Disgobe colabora cos establecementos no IX Pincho Folk achegando os premios para as persoas participantes. Esta empresa fará ademais unha oferta de viño e cervexa cos establecementos para esas datas.

Datas

As datas de celebración serán os venres e sábados do mes de outubro, podendo os locais participar ambos os días. Comezase o venres 2 de outubro e rematará o sábado 24 do mesmo mes.

Os establecementos deberán escoller 1 ou 2 días de participación. No caso de escoller un, deberán indicar se venres ou sábado. As rutas deberán contar cun número similar de establecementos. No caso de non chegar a acordos entre os locais para a escolla, realizarase un sorteo.

Prezo

Dous euros con cincuenta céntimos por pincho (2,50 €).

Horario

Establécese un horario de 20:00 a 23:00 horas. Os establecementos participantes comprométense a intentar ter pinchos suficientes para ofrecer ao público dentro do horario establecido.

Aqueles establecementos que así o soliciten poderán ofrecer o pincho de 20:00 a 22:00 h e así se indicará na cartelería promocional.

Votacións

Cada local recibirá unha urna convenientemente selada e boletos para que o público vote de 0 a 5 no momento do consumo. Só poderán votar aquelas persoas que coman



o pincho; considerarase fraude se unha persoa vota sen probalo, o que supón a ELIMINACIÓN DO ESTABLECEMENTO DO CERTAME. O resultado final será a suma dos puntos obtidos dividida entre o número de votos.

A xente que deguste os pinchos deixará nese boleto os seus datos, xa que tamén se usarán para os sorteos dos premios ao público. Ao finalizar o certame, todos os votos serán contabilizados na Casa da Cultura, onde ademais custodiarán os datos persoais do público e procederán á destrución dos boletos de participación ao rematar todo. Poderán asistir a esta contabilización diferentes participantes como mostra de total transparencia.

Premios

Establécense para os locais dous premios (primeiro e segundo), que consistirán nunha placa de recoñecemento da posición conseguida, financiada polo Concello de Salceda de Caselas.

Para o público establécense tres premios que se conseguirán por sorteo. Estes premios serán outorgados por Disgobe:

- 1.º Fin de semana de enoturismo na Ribeira Sacra. Inclúe noite de hotel con circuío termal máis cea e visita á bodega Regina Viarum.
- 2.º Pase para dúas persoas no Palacio da Auga de Mondariz. Circuíto de 2 h.
- 3.º Lote de produtos. Inclúe viño máis embutido.

ACISA tamén colabora coa donación de vales de compra por un importe de 180 euros para gastar en locais asociados.

Ademais, as persoas que acrediten, mediante os correspondentes selos no folleto, que completaron a ruta do Pincho Folk terán un agasallo directo sorpresa (deben consumir en todos os locais o correspondente pincho). Ao finalizar as datas de realización, todas as urnas convenientemente precintadas, tal e como se entregaron no establecemento, serán levadas á Biblioteca, onde se fará o recuento de votos.

Os establecementos gañadores serán comunicados nun acto público, onde tamén se celebrará o sorteo que determinará as persoas gañadoras do público. O concelleiro de Comercio será o encargado de poñerse en contacto telefónico coas persoas premiadas para a entrega do premio.

Promoción e fotografía profesional

O Concello encargarse da promoción e cartelería precisa para dar a máxima visibilidade a este evento.

Os establecementos participantes deberán comprometerse a ter visibles os carteis, folletos, urnas e boletos no local. Realizarase unha fotografía de cada pincho para o folleto e para as redes sociais.



Consideramos fundamental garantir as actuacións musicais durante esta ruta. O concello será o encargado de contratar o folclore da man dos nosos grupos tradicionais das diferentes parroquias. Por outra banda, todos os músicos e músicas serán ben recibidos e será cousa de todos e todas convidar a amigos e coñecidos a que nos acompañen nesta ruta coas súas pandeiretas, gaitas, cunchas, etc.

Inscrición

A data límite de inscrición será o vindeiro mércores 19 de agosto. Precísase chamar ou enviar un WhatsApp ao número 615 863 026 cos seguintes datos:

- Nome do establecemento.
- Día preferente de participación: venres, sábado ou indiferente.
- Nome do pincho que participa.
- Indicacións sobre os alérxenos.

Salceda de Caselas, 14 de agosto de 2026.

